



## **SEGUNDA ACTA DO COMITÉ ANTIFRAUDE DO CONCELLO DE NARÓN**

Narón, 3 de febreiro de 2023, sendo as 12:30 horas.

### **ASISTENTES**

#### **PRESIDENTE**

- D. Román Romero Franco, Concelleiro de Seguridade Cidadá, SPEIS e Facenda.

#### **VOCAIS**

- D. Alfonso de Prado Fdez-Canteli, Secretario Xeral do Concello.
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Pila Canzobre Méndez, Interventora.
- D<sup>a</sup> Marta Roca Naveiras, Tesoureira.
- D. Alejandro Fernández Cortés, Xefe do servizo de Contratación e Obras Públicas.
- D. Manuel Rodríguez Álvarez, Xefe do Departamento de Administración e Xestión de Servizos Dixitais.
- D. Marta Morado, Director de Programas Europeos e Planificación Local.
- D<sup>a</sup> Yolanda Martínez García, Xefa do Servizo Sociocomunitario.
- D<sup>a</sup> María Vázquez Giz, Xefa da Sección substituta de Deportes.
- D. Luciano Fernández Vicente, Director Técnico do Padroado de Cultura.

#### **SECRETARIA**

- D<sup>a</sup> María de los Ángeles Manteiga Fulgueira, Xefa do Servizo de Organización e RRHH

Escusa a súa asistencia, D. Jairo Orjales Sande, Técnico de Servizos Básicos.

### **ORDE DO DÍA**

#### **PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR (29-06-2022)**

Os/as asistentes aproban o borrador da acta anteriormente citada coas abstencións das funcionarias non asistentes á sesión anterior (Sras. Canzobre Méndez. Roca Naveiras e Vázquez Giz).

#### **SEGUNDO.- ACTUACIÓNS REALIZADAS**

Polo Secretario Xeral do Concello dáse conta das seguintes cuestións:



1.- Actuacións en materia de concienciación e formación ao/do resto de persoal municipal.

En data 10 de agosto de 2022, procedeuse á remisión a todo o persoal do Concello, dun correo electrónico comprensivo da información relativa á aprobación polo Pleno municipal, do Plan de medidas antifraude e de prevención de riscos deste consistorio, axuntando a ligazón onde se atopa e comunicando a obriga de proceder a súa atenta lectura, particularmente por parte de aqueles servizos, seccións e departamentos que xestionen ou que no futuro vaian a xestionar plans ou programas dotados con fondos Next Generation.

2.- Expedientes informativos.

Non se procedeu á apertura nin por ende á resolución de expedientes informativos por sospeitas de fraude.

3.- Avaliación periódica.

Nos meses transcorridos desde a derradeira xuntanza deste comité, polo servizo de contratación procedeuse á avaliación periódica do risco de fraude, actuando o devandito departamento – así como os demais servizos municipais, nos seus respectivos ámbitos competenciais – como garante dun control interno eficaz que permita previr e detectar as posibles fraudes.

**TERCEIRO.- DAR CONTA DAS SOLICITUDES EFECTUADAS POLO CONCELLO DE NARÓN E POLO PADROADO DE CULTURA EN CONCEPTO DE SUBVENCIÓNS VINCULADAS COS FONDOS NEXT GENERATION EU, E INFORME SOBRE A SÚA TRAMITACIÓN**

Dáse conta das seguintes solicitudes:

**1. ACTUACIÓNS EN MATERIA DE BIORRESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL**

Entidade convocante	Consellería de Medio Ambiente, Territorio y Vivienda
Bases	ORDEN de 30 de novembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a Entidades locais de Galicia para a financiación de actuacións en materia de biorresiduos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede a súa convocatoria en réxime de concurrencia non competitiva por anticipado de gasto para os anos 2022 e 2023 (código de procedemento MT975K)
Servicio promotor	Servicios Externos
Expediente	PLA/4/2022
Obxecto	Liña 1: Proxectos de implantación, ampliación ou mellora da recollida separada de biorresiduos destinados a instalacións específicas de tratamento biolóxico (compostaxe e/ ou dixestión anaerobia). Adquisición de



UNIÓN EUROPEA



Plan de Recuperación,  
Transformación y Resiliencia

	<p>contenedores de materia orgánica, caldeiros biorresíduos e bolsas compostables.</p> <p>Liña 2: Proxectos de separación e reciclaxe en orixe de biorresíduos mediante a súa compostaxe doméstica ou comunitaria (compostaxe in situ). Programa de compostaxe doméstica</p>			
Financiación inicial	Liña	Concello	Xunta	Total
	1	24.119,55 €	70.024,50 €	94.144,05 €
	2	3.535,55 €	10.264,50 €	13.800,05 €
Data concesión	22/06/2022			
Importe concedido	<p>Liña 1: 70.024,50 €</p> <p>Liña 2: 10.264,50 €</p>			
Prazo xustificación	30/12/2022 (ampliado prazo por ORDEN de 29 de setembro de 2022)			
Estado	<p>Liña 1: Renunciouse polo Concello.</p> <p>Liña 2: Xustificado. Falta cobro.</p>			

## 2. ACTUACIONES EN MATERIA DE RESIDUOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL

Entidade convocante	Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda			
Bases	<p>ORDE de 1 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a Entidades locais de Galicia para a financiación de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo fondo europeo relativo ao Mecanismo de recuperación e resiliencia da UE no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, e se procede a súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva por anticipado de gasto para o ano 2022 (código de procedemento MT975J)</p>			
Servicio promotor	Servicios Externos			
Expediente	PLA/1/2022			
Obxecto	<p>Liña 1: Aceites: proxectos de implantación ou mellora da recollida separada de aceite de cociña usado xerado no ámbito doméstico, do comercio e servizos, para destinalo á valorización para a obtención de biocarburante.</p> <p>Liña 3: Puntos limpos móbiles: proxectos destinados a favorecer a prevención, a recollida separada e a adecuada clasificación de fluxos especiais de residuos municipais a través da adquisición de puntos limpos móbiles para a mellora e ampliación dos servizos prestados pola rede galega de puntos limpos existentes para a reutilización ou reciclaxe na nosa comunidade autónoma.</p>			
Financiación inicial	Liña	Concello	Xunta	Total
	1	3.430,35 €	9.147,60 €	12.577,95 €



UNIÓN EUROPEA



Plan de Recuperación,  
Transformación y Resiliencia

	3	13.020,00 €	37.800,00 €	50.820,00 €
Data concesión	28/07/2022			
Importe concedido	Liña 1: 9.147,60 € Liña 3: 37.800,00 €			
Prazo xustificación	30/12/2022 (ampliado prazo por ORDEN de 21 de setembro de 2022)			
Estado	Liña 1: Renunciouse polo Concello Liña 3: Xustificado. Falta cobro			

### 3. MELLORA DE COLECCIÓN BIBLIOGRÁFICAS EN FORMATO FÍSICO

Entidade convocante	Consellería de Cultura, Educación e Universidade		
Bases	ORDEN de 31 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas a Entidades locais de Galicia titulares de bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas, integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, para a adquisición de novidades editoriais (programa A) e para a mellora das coleccións no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia (programa B), ambas en formato físico, e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento CT235A)		
Servicio promotor	Servicio Sociocomunitario		
Expediente	ENS/8/2022		
Obxecto	Mellora de coleccións Bibliográficas		
Financiación inicial	Concello	Xunta	Total
	0,00 €	1.500,00 €	1.500,00 €
Data concesión	17/06/2022		
Importe concedido	6.204,00 € (dotación ampliada, DOG del 19 de maio de 2022)		
Prazo xustificación	31/10/2022		
Estado	Xustificado. Cobrada.		

### 4. MODERNIZACIÓN DOS SISTEMAS DE ILUMINACIÓN DIXITAL

Entidade convocante	Axencia Instituto Enerxético de Galicia
Bases	RESOLUCIÓN de 16 de decembro de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións á modernización e xestión sostible das infraestruturas das artes escénicas e musicais ao amparo dos fondos de NextGenerationEU EU



	e o Mecanismo de recuperación e resiliencia do Regulamento (UE) número 2021/241 e se convocan para o ano 2022 (código de procedemento CT404E)		
Servicio promotor	Padroado de Cultura		
Expediente	CUL/7/2022		
Obxecto	Modernización dos sistemas de iluminación dixital		
Financiación inicial	Padroado	Xunta	Total
	52.534,67 €	50.000,00 €	102.534,67 €
Data concesión	04/05/2022		
Importe concedido	40.144,09 €		
Prazo xustificación	01/12/2022		
Estado	Xustificado. Pendente de cobro.		

## 5. CREACIÓN OU REHABILITACIÓN DE ENTORNOS SAUDABLES (1)

Entidade convocante	Ministerio de Sanidade, a través dunha subvención directa á FEMP		
Bases	Real Decreto 1070/2021, de 4 de decembro, polo que se regula a concesión directa dunha subvención á Federación Española de Municipios y Provincias para reforzar a promoción de estilos de vida saudable a través da creación ou rehabilitación de entornos saudables, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia		
Servicio promotor	Planificación Local		
Expediente	PLA/8/2022		
Obxecto	Parque fluvial entre a Avenida Miguel de Cervantes e a rúa Conde de Fenosa (marxe dereita)		
Financiación inicial	Concello	FEMP	Total
	366.326,12 €	60.000,00 €	426.326,12 €
Data concesión	17/11/2022		
Importe concedido	60.000,00 €		
Prazo xustificación	31/08/2023		
Estado	Obra en execución. Pendente addenda a contrato.		



## 6. CREACIÓN OU REHABILITACIÓN DE ENTORNOS SAUDABLES (2)

Entidade convocante	Ministerio de Sanidade, a través dunha subvención directa á FEMP		
Bases	Real Decreto 1070/2021, de 4 de decembro, polo que se regula a concesión directa dunha subvención á Federación Española de Municipios y Provincias para reforzar a promoción de estilos de vida saudable a través da creación ou rehabilitación de entornos saudables, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia		
Servicio promotor	Planificación Local		
Expediente	PLA/9/2022		
Obxecto	Humanización da Rúa Solaina		
Financiación inicial	Concello	FEMP	Total
	649.758,88 €	60.000,00 €	709.758,88 €
Data concesión	17/11/2022		
Importe concedido	60.000,00 €		
Prazo xustificación	31/08/2023		
Estado	Obra en execución. Pendente addenda a contrato.		

## 7. CREACIÓN OU REHABILITACIÓN DE ENTORNOS SAUDABLES (3)

Entidade convocante	Ministerio de Sanidade, a través dunha subvención directa á FEMP		
Bases	Real Decreto 1070/2021, de 4 de decembro, polo que se regula a concesión directa dunha subvención á Federación Española de Municipios y Provincias para reforzar a promoción de estilos de vida saudable a través da creación ou rehabilitación de entornos saudables, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. (2ª convocatoria)		
Servicio promotor	Planificación Local		
Expediente	PLA/15/2022		
Obxecto	Parque Fluvial no Paseo Marítimo de Xuvia		
Financiación inicial	Concello	FEMP	Total
	0,00 €	230.784,41 €	230.784,41 €
Data concesión	-		
Importe concedido	-		
Prazo xustificación	Indicarase na resolución de concesión.		



Estado	Obra licitada. Hai empresa proposta para a adxudicación.
--------	--

## 8. CREACIÓN OU REHABILITACIÓN DE ENTORNOS SAUDABLES (4)

Entidade convocante	Ministerio de Sanidade, a través dunha subvención directa á FEMP		
Bases	Real Decreto 1070/2021, de 4 de decembro, polo que se regula a concesión directa dunha subvención á Federación Española de Municipios y Provincias para reforzar a promoción de estilos de vida saudable a través da creación ou rehabilitación de entornos saudables, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. (2ª convocatoria)		
Servicio promotor	Planificación Local		
Expediente	PLA/13/2022		
Obxecto	Posta en valor da área estancial do Parque Fluvial do Río Freixeiro- Parque de xogos		
Financiación inicial	Concello	FEMP	Total
	0,00 €	139.554,62 €	139.554,62 €
Data concesión	-		
Importe concedido	-		
Prazo xustificación	-		
Estado	Non se iniciou a licitación.		

## 9. MODERNIZACIÓN DE INSTALACIÓNS DEPORTIVAS

Entidade convocante	Ministerio de Cultura e Deporte
Bases	Orde CUD/1136/2022, de 18 de novembro, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións e axudas do Consejo Superior de Deportes a Entidades titulares de instalacións deportivas con capacidade para albergar eventos internacionais para realizar obras que modernicen ditas instalacións en canto a eficiencia enerxética, inclusión e sostenibilidade, con cargo aos fondos europeos do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.
Servicio promotor	Deportes
Expediente	PLA/1/2023
Obxecto	Mellora da accesibilidade e eficiencia enerxética do Complexo Polideportivo Municipal de A Gándara



UNIÓN EUROPEA



Plan de Recuperación,  
Transformación y Resiliencia

Financiación inicial	Concello	Ministerio	Total	
	0,00 €	274.084,76 €	274.084,76 €	
Data concesión	-			
Importe concedido	-			
Prazo xustificación	31/12/2023			
Estado	Obra de accesibilidade en execución. Non se licitaron paneis fotovoltaicos.			

## 10. PROMOCIÓN E DINAMIZACIÓN DE COMUNIDADES ENERXÉTICAS

Entidade convocante	Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico			
Bases	Orde TED/1021/2022, de 25 de outubro, pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas a Oficinas de Transformación Comunitaria para a promoción e dinamización de comunidades enerxéticas (Programa CE Oficinas), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.			
Servicio promotor	Servicios Externos			
Expediente	PLA/2/2023			
Obxecto	Oficina de Transformación Comunitaria (OTC) "Laboratorio da Enerxía"			
Financiación inicial	Concello	Ministerio	Total	
	51.560,88 €	81.180,96 €	132.741,84 €	
Data concesión	-			
Importe concedido	-			
Prazo xustificación	-			
Estado	Sen licitar.			

## 11. IMPLANTACIÓN DE ZONAS DE BAIXAS EMISIÓN E A TRANSFORMACIÓN DIXITAL E SOSTIBLE DO TRANSPORTE URBANO

Entidade convocante	Ministerio de Transportes, mobilidade e Axenda Urbana			
Bases	Orde TMA/892/2021, de 17 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras para o Programa de axudas a municipios para a implantación de zonas de baixas emisións e a transformación dixital e sostible do transporte urbano, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e se aproba e publica a convocatoria correspondente ao exercicio 2021			





Servicio promotor	Urbanismo		
Expediente	PLA/10/2022		
Obxecto	Actuacións de fomento do cambio modal no entorno urbano de Narón		
Financiación inicial	Concello	Ministerio	Total
	538.185,42 €	1.562.473,80 €	2.100.659,22 €
Data concesión	-		
Importe concedido	-		
Prazo xustificación	-		
Estado	Sen licitar.		

## 12. TRANSFORMACIÓN DIXITAL E MODERNIZACIÓN DA ADMINISTRACIÓN (1)

Entidade convocante	Ministerio de Política Territorial		
Bases	Orde TER/836/2022, de 29 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras de subvencións destinadas á transformación dixital e modernización das administracións das Entidades locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e se efectúa a convocatoria correspondente a 2022		
Servicio promotor	Novas Tecnoloxías		
Expediente	INF/28/2022		
Obxecto	Interoperabilidade total		
Financiación inicial	Concello	Ministerio	Total
	0,00 €	160.537,00 €	160.537,00 €
Data concesión	-		
Importe concedido	-		
Prazo xustificación	-		
Estado	Sen licitar.		

## 13. TRANSFORMACIÓN DIGITAL Y MODERNIZACIÓN DE LA ADMINISTRACIÓN (2)

Entidade convocante	Ministerio de Política Territorial
Bases	Orde TER/836/2022, de 29 de agosto, pola que se aproban as bases reguladoras de subvencións destinadas á transformación dixital e



	modernización das administracións das Entidades locais, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e se efectúa a convocatoria correspondente a 2022		
Servicio promotor	Novas Tecnoloxías		
Expediente	INF/29/2022		
Obxecto	Narón intelixente		
Financiación inicial	Concello	Ministerio	Total
	0,00 €	109.868,00 €	109.868,00 €
Data concesión	-		
Importe concedido	-		
Prazo xustificación	-		
Estado	Sen licitar.		

Os/As asistentes danse por enterados.

#### **CUARTO.- REITERACIÓN OBRIGAS RELATIVAS ÁS MEDIDAS DE COORDINACIÓN**

Tal e como se expuxo na última xuntanza celebrada e aos efectos de coordinar e asegurar un adecuado control na execución dos fondos Next Generation EU, reitérase a necesidade de que os servizos promotores dean traslado á Secretaría Xeral e á Intervención do Concello, en canto teñan coñecemento de calquera convocatoria que resultara de interese municipal, do expediente asociado á tramitación das axudas, no que deberán constar, con carácter mínimo os seguintes datos:

- Bases ou disposición xeral que regula a convocatoria.
- Memoria, proxecto ou informes que preceden á solicitude de axuda.
- Plan de financiación inicial previsto.
- Acordo de solicitude adoptado polo órgano municipal competente.
- Resolucións de concesión o denegación das axudas, xa sexa a través do correspondente Diario Oficial ou mediante notificación individualizada.
- Documentos que, no seu caso, acrediten a aceptación da subvención e a formalización do correspondente instrumento de formalización.

E non habendo mais asuntos que tratar se levanta a sesión, sendo as 12:45 horas da data indicada ut supra.



A presidencia



UNIÓN EUROPEA



Plan de Recuperación,  
Transformación y Resiliencia

A Secretaria